

ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

Peinado

Jib. reunido

Contén:

En col da nova Lei Municipal hespañola.

Augusto M.^a Casas.

Da nosa propia contemprazón.—*Lois Man-
teiga.*

Voltêmos aos nosos poetas. — *Aquilino*

Iglesia Alvariño.

Galiza
N.ºs 10-11-12
abril - maio - xuño
1935

Prezo: 1,50 ptas.

R0 14

Galegos: Consumide produtos da nosa Terra.
Bebede tostado

AVION

a marca que se acreditou loitando cos mellores viños.

Unha copa de AVION siñifica galeguidade, eleganza e bon gosto.



Usade sempre no voso fogar

Lámparas

IRIA

Son as mellores, as máis económicas e as de máis rendimento

LANAS PRA LABORES
COMPOSTELA



Calidás insuperables

Precios populares



Almacés DOLORES IGLESIAS
Cervantes, 18-19 :: SANT-IAGO

ENCOL DA NOVA LEI MUNICIPAL HESPAÑOLA

Por Decreto de 31 de outono derradeiro, promulgóuse a nova Lei Municipal, con suxeizón ás Bases sancionadas pol-as Cortes da República en lei de 12 de xulio anterior. Desenrolando os principios da vixente Constituzón, precisábase unha lei municipal e unha lei provincial, intento que xa agarimaron as Cortes Constituintes e que non puideron conquistar por razóns políticas de todos coñecidas. As primeiras Cortes ordinarias, dende o primeiro momento, trataron de faguer unha nova lexislazón orgánica da vida local, e por causas que estudaremos máis adiante, acometeron a tarefa de faguer as leises Municipal e Provincial separadamente, seguindo un criterio conforme ás necesidades dos partidos maioritarios. Unha Comisión interministerial, desñada por orden de 31

de xaneiro de 1934, redaitou un anteproieito de Lei Municipal, que, feito proieito, con lixeiras modificazós, pol-o Ministro da Gobernazón Salazar Alonso, servíu de tear para o proceso parlamentario que rematou co-a lei que imos a comentar. O proieito de Lei Provincial non tivo fortuna, quedando en mero anteproieito o redaitado por unha Comisión interministerial nomeada en Orden do 12 de maio de 1934.

Partindo do estudo esquemático dos principios constituzonales da República hespañola en materia de orgaizazón nazonal, con un eisame dos antecedentes lexislativos no período constituzonal, imos a espoñer a nova Lei Municipal, fundamento do estado nazonal, e que, neste caso, por premuras de tempo e descoñecimento da raíz do problema, non fai máis que demorar a soluzón do problema máis amprio do Dereito púbrico hespañol.

A Constituzón da República, programa no seu artigo 8 que o Estado hespañol, dentro dos límites irredutíbeles do seu territorio aital, estará integrado por Municipios mancomunados en provincias e pol-as rexións que se constituían en réxime de autonomía, establecendo no artigo 9 que todol-os Municipios serán autónomas nas materias da súa competencia i-elexirán os seus auntamentos por sufraxio igual, dereito e segredo, salvo cando funcionen en réxime de Concello aberto. Istes principios, en relación dos preceitos que recoñecen o ordenamento xurídico das rexións autónomas, asentaban o inicio de un proceso lexislativo para dar ao Municipio, como célula do orgaísmo nazonal, a súa estrutura legal. O ilustre Pérez Serrano, ao comentar a Constituzón, afirma que no citado artigo 8 preténdese sinalar cál é a unidade local indiscutíbel de cuia realidade ninguén dubida, proclamándose no artigo 9 (ao recoller o voto particular do deputado Sr. Rodríguez Pérez) a plenitude de autonomía dos municipios, xa que non bastaba facilitar a súa eleizón en forma democrática, e dáselle valor constituzonal á crásica instituzón do Concello aberto que a nosa lexislazón afrancesada do século XIX descoñecéu, pervivindo en algunhas comarcas e recollida nos seus proieitos pol-os señores Maura e Canalejas (influxo de Hinojosa, Azcárate e Posada), pasou ao Estatuto de 1924 (co aditamento de un caso especial, de rotazón, que alguén chamóu despeitivamente «Concello entreaberto»); chegando a precisión do novo Dereito constituzonal a orgaizar a provincia

como unha mancomunidade «imposta» de municipios, entidade aquela que pervive como necesidade administrativa con fíns non só administrativos sinón tamén políticos, a pesar da oposición de moitos deputados, entre eles o noso Otero Pedrayo, que pediron que as provincias foran suprimidas por estética. Debemos sinalar que o principio da autonomía dos municipios é tan craro que inda nas rexións autónomas ha ser base dos preceitos orgánicos da súa administración local.

Para chegar a un análise preciso e fondo da nova Lei Municipal hespañola, filla das Cortes do segundo bienio, é ineludíbel estudar o desenrolo da lexislación municipal no Dereito constituzonal, xa que, anteriormente a ista fase do Dereito público, o Municipio aparecía como unha entidade natural, como un fenómeno social, núcleo orgánico e primeira célula do Estado.

A aldea, a vila, a cidade, como formazóns hestóricas, como fenómenos sociaes, desenrólanse no proceso natural das súas forzas dentro do seu medio propio; mais o Estado, que conta con elas como elementos do seu orgaísmo, pretende incorporalas á súa estrutura política, i-esta incorporazón preséntase no Dereito constituzonal hespañol como unha acomodazón das formazóns locais mediante a lei, en virtude de fórmulas xurídicas. O Municipio, como obra da lei, nos tempos do Dereito constituzonal, é a organización política dos núcleos sociaes —aldea, vila, cidade— feita en interés das necesidades e do proceso evolutivo do Estado nacional.

Convén percisar que no período constituzonal, a partir de 1812, elabóranse os conceptos legais de Municipio e Provincia con todo o réxime regular, abstráito, imposto por presión central, hacia fora e de arriba a abaixo, de ordeamento sistemático e xerarquizado da Administración do Estado e da Administración local. En Hespaña, durante todo o século XIX, o Municipio legal seguíu o seu proceso sin conseguir coincidir co-a expresión natural da vida local, que, en moitos casos —concello aberto, comunidades, xuntas de veciños—, persistiu fora do sistema da lei.

Iste réxime legal do centralismo hespañol, que buscaba estruturar o Estado sobre os grados e xerarquías dos núcleos sociaes, ha de considerarse na resultante das leises orgánicas de 1877 e 1882. En tal sistema, o Municipio non era máis que a asociación

legal de todas as persoas que residían nun término municipal, e a Provincia unha roda administrativa intermedia entre o Estado e o Municipio, necesaria para chegar o Estado co-a súa tutela a todos os ámbitos da vida nacional. Aparescía a aldea, a vila, a cidade, como centro urbano e como núcleo social, e a Municipalidade como unha unidade funcional. O Municipio era unha roda máis da máquina administrativa do Estado nunha estrutura, nunha organización que, baixo a máscara da providente tutela estatal, creaba a tiranía política da lei centralista. E a Provincia, tal como a concebían os xuristas do século XIX, aparescía como outra roda para axudar ao mecanismo do Poder central, e ao calor desta ficción legal convertíronse as provincias cos seus órganos —Diputacións— en focos de corrupción política e tiranía dos Municipios, exercendo a oligarquía do caciquismo máis inmoral e nocivo.

Ao pouco tempo de se publicar a lei provincial de 1882, e con poucos anos de vida aínda a lei municipal parella, sentíuse a necesidade de corrixir aquela corrupción que convertía aos núcleos sociais en focos políticos ao servizo dos partidos, ameazando a existencia do mesmo Estado, e comezou a actividade legislativa para elaborar unha reforma do réxime local, non só polo proceso de formación das novas ideas autonomistas e descentralizadoras, sinón tamén pol-as necesidades das rexións e dos pobos. A primeira expresión innovadora, reflexábase na tendencia a integrar as dúas lexis orgánicas nunha soa lei de réxime local, polo feito unánimemente recoñecido de que namentras o Municipio era unha organización natural, a Provincia era unha creación légal, artificial, para o exclusivo servizo do Estado. Aparescía tamén a idea da descentralización, a definición de funcións e a municipalización de servizos. E sinalábase a necesidade de consagrar na lei os matices históricos e reais dos centros locais: pequenos municipios, comunidades, agrupacións, etc. Era de ineludíbel precisión organizar ao Estado nacional sobre as formas da súa organización social, tan fortes que perviviron naquela ausorvente actividade legislativa que chegou a distinguir ao Municipio, núcleo urbano, da Municipalidade, esfera xurisdiccional e de funcións. Pero era evidente que a propia realidade sostíña aos núcleos da verdadeira vida nacional fora do mecanismo estatal, e aparte daquel sistema de xerarquías

e de órgaos, funzonaban as comunidades e xuntas veciñais perfectamente axeitadas aos propios medios e aos fíis na unidade local, principio do Estado, célula da nación orgaizada.

Ao mesmo tempo que se sentía a necesidade de reforma do réxime municipal, aparecía o desexo de, esquecendo a Provincia inventada nas Cortes de Cádiz, rexurdir aos antigos Reinos, orgaizando unha división territorial de Hespaña que, partindo da realidade hestórica, pudiera reavivar a máquina centralista que safo-gaba nas ficiós dos xuristas e nas inmoralidades dos políticos.

Apenas foi posta en vigor a lei de 29 de agosto de 1882, o 16 de nadal do mesmo ano, o entonces Ministro da Gobernazón, señor González, presentaba ao Senado un proeiro de Lei Municipal, que foi retirado pol-o sucesor, Sr. Gullón, e substituído por outro de éste o 25 de xunio de 1883. O 5 de xaneiro de 1884, presentou o Sr. Moret dous proeiros de reforma das leises Provincial e Municipal. En 27 de nadal de 1884, Romero Robledo aparece co seu proeiro de lei «sobre goberno e administración local», que tampouco prosperou. Seguiron moitos e sucesivos intentos de reforma, que non tiveron éxito: 1886, de D. Venancio González; 1891, de Silvela e Sánchez de Toca; 1899, de Dato; 1899, de Silvela, encol da descentralización administrativa; 1891, de González; 1902, de Moret; 1903, de Maura; 1906, de Besada; 1907, de Maura; 1912, de Canalejas; 1918, do Goberno Nazonal, e 1919, de Romanones.

Na monarquía, isa profusión de iniciativas, si non servíu para artellar unha lei orgánica da Administración local, preparou o camiño para reformas a fondo, que culminaron no Estatuto de 1924, que, carente de orixinalidade toda vez que recollía os principios dos proeiros de Maura, artellou por primeira vez no dereito positivo hespañol os principios da autonomía municipal, e, ademais, servíu de base á nova Lei Municipal, que vamos a comentar, na que se recollen moitas das suas normas e ao afastarse delas, xusto é confesal-o, non introduce reformas axeitadas á estrutura constituzonal da República hespañola.

Non creio do caso necesario estudar os múltiples proeiros de reforma da Administración local. Pero é mester que falemos algo encol do proeiro de D. Antonio Maura de 1907 (que é o contido nas Bases de 1903), no que se formulaban os seguintes principios:

1.º A integración ordeada, según principios xurídicos xenerales, do réxime local (Municipios e Provincias). 2.º A reconstitución dos pequenos municipios en mancomunidades, e da administración dos pobos, aldeas, barrios ou casales. 3.º A organización de mancomunidades legais e voluntarias na esfera municipal. 4.º O establecemento da representación corporativa e social. 5.º A supresión do carácter de organismo permanente do Auntamento e creazón da Comisión municipal. 6.º A organización do réxime xurídico dos acordos dos Aumontes e dos recursos contra os mesmos. 7.º O réxime de tutela das Corporacións. 8.º A modificación das Diputacións provinciales.

Aquela reforma levaba unha breve «exposición de motivos», da que son as seguintes verbas: «Preservando, así a las instituciones locales como al Estado, de sugerencias o extralimitaciones que subvertirían su natural y recíproca coordinación orgánica, se franquean y normalizan todas las adaptaciones a que se ha de prestar ley semejante, de manera que las legítimas y positivas realidades no resulten suplantadas por artificios, ni tampoco enervadas por obstinación de simetría». Fermosa xustificación dunha reforma da vida local, que de haber triunfado faría de Hespaña un Estado forte e vigoroso, limpo de caciquismo e de burocracia imposta sin correspondenza co-as realidades. O proieito foi o máis discutido nas Cortes da monarquía; mais a lei, n-oustante ter Maura encarecido das Cortes a sua urxencia, non se chegou a publicar, cecáis por imposición da política de caciques e cucos. Lémbrese que foi unha das elaboracións parlamentarias máis deteñidas, longas e acidentadas que se rexistran nos anales das Cortes hespañolas.

En 1912 recolléu Canalejas aquil intento de reforma, merecendo en 1919 outro intento baixo o Goberno de Romanones, pasando pol-o interesantísimo proieito encol das facendas locais de 1918.

A Dictadura apropiouse os traballos citados e publicou o Estatuto Municipal en 1924 e o Estatuto Provincial en 1925. Daquíl réxime de arbitrariedade e forza, ficaron os dous Decretos-leises mencionados que, a pesares de todo, foron o millor que tivo Hespaña sobre Administración local, e que sirvieron de moito aos lexisladores da República. Os Estatutos de Calvo Sotelo, consagran a autonomía municipal, co-a idea de reconstruir o Estado sobre

o principio xurídico dos municipios libres, aspirando a restaurar o senso nazonal de autonomía que lucfu nos millores tempos da vida municipal hespañola; afirmase a plea persoalidade dos municipios, recoñecendo a capacidade xurídica integral en todol-os ordes do dereito e da vida; admite a variedade de tipos de convivencia comunal, diferenciando ao Municipio urbano do rural, e otórgalles o dereito de dictarse a súa propia norma de funzonamento; e, en xeneral, admite todol-os principios consagrados nos proieitos de Maura e Canalejas, máis o intento de reforma das facendas locaes de 1918.

Co-ista legalidadealcontróuse a Repúbriica; mais si ben os postulados do novo Réxime eran autonómicos, non podía nos seus primeiros pasos recoñecer integramente a vixencia dos Estatutos da Dictadura, xa que fundados sobre unha ampria base de autonomía administrativa, os anos de uso, baixo un Goberno anticonstituzonal, só serviran para axudar dun xeito capcioso ao caciquismo tradizional. Por ista razón, a Repúbriica, que tragufa entre o seu programa o aplastamento do caciquismo, tivo que faguer, enantes da súa Constituzón, unha legalidade provisional, que conforme ao momento permitira o control dereito e inmediato das autoridades do poder central; e ista legalidade, conságrase no Decreto de 16 de San Xohan de 1931, elevado a lei en 15 de setembro do mesmo ano, no que se decrara a vixencia do libro 2.º dos Estatutos e certos artigos da súa parte orgánica compatibeles co-as necesidades polfticas da revoluzón.

Mais promulgada a Constituzón, cuos preceitos temos esposto noutro lugar diste traballo, era obrigado faguer unha lei orgánica de Administrazón local. Debemos recordar que as Cortes Constituintes consideraron as leises Municipal e Provincial como parte da súa tarefa constituzonal. En 1932, o Director xeneral de Administrazón local, D. Xosé Calviño, esbozou un proieito de Lei Municipal, partindo das normas da Constituzón da Repúbriica e armonizando a autonomía co control, especialmente en cuestiós de facenda. Aquil proieito non foi presentado ás Cortes e ao comenzo de 1933, García Labella, Director de Administrazón local naquel entonces, nombróu unha Comisión que redaitóu un intresantísimo proieito de Lei Municipal e preparóu outro encol das Provincias. Mais tampouco tivo sorte. Os feitos políticos

precipitaron a disolución das Constituintes, que remataron a sua vida sin acometer a solución de problema de tanta importancia.

As derradeiras Cortes adicáronse á reforma das leises encol da orgaización e administración da Provincia e do Municipio. Hai que faguer constar que a República, dende o primeiro proeiro, segufu un sistema de leises independentes para a administración provincial e para a municipal. Cecáis a principal razón que se tivo para faguer isto foi a comenza de resolver primeiro o problema do Municipio, deixando para despóis a Provincia, na coal sería necesaria unha coordinación constituzonal cos Estatutos rexionaes. Ademáis, as Cortes ordinarias tiñan un interés político de resolver primeiro a cuestión funzonarista da vida local, como resolveron a dos empregados e funzonarios sanitarios co-a desastrosa Lei de Coordinación Sanitaria, xa que o promotor do proeiro, hoxe Lei Municipal, foi Salazar Alonso, repersentante de considerábeles agrupazós de funzonarios municipales; e tanto é así que, si ben o proeiro presentado ás Cortes comprendía non só a orgaización e funzonamento das entidades locaes, sinón tamén a parte fundamental da sua facenda, a lei de Bases aprobada, e pol-o tanto a Lei Municipal promulgada, deixaron de lado a facenda municipal, adicándose con especial atenzón aos problemas funzonaristas.

Iste é un dos erros máis grandes da nova Lei Municipal hespañola, que, filla dos afás proselitistas dos políticos, esqueceu a raíz do problema da vida local, para atender as baixas comenzas partidistas. Xa veremos máis adiante como a nova Lei Municipal trata de resolver, co casuísmo máis cativo, a cuestión de pagas de segretarios e empregados, escalafós, convalidación dos interinos, clasificación, etc., pasando por outo canto pode ser inizo do rexurdimento do Municipio como célula do Estado nazonal. Había que gañar votos e nos funzonarios do Municipio alcontrábanse eficaces cooperadores para a recluta eleitoral. Ren siñificaba que os Municipios ficaran como enantes de publicarse a lei, e cicáis pior, pois namentras non se daba solución racional á autonomía nin á facenda local, estabrecíanse novas cargas para faguer máis difícil a sua vida precaria e continuar baixo a mecánica caciquil que os sometía aos outros órgaos administrativos.

Namentras non se publique a Lei Municipal totalmente, estimo

un erro gravísimo que se promulgue unha lei, como a vixente, que somentes acomete a solución dos aspectos internos do problema.

Das coarenta Bases que tiña o proxecto somentes foron aprobadas pol-as Cortes dazaíto, quedando entretanto autorizado o Goberno para refundir con carácter provisional, no mesmo texto legal e a continuación da parte orgánica promulgada, as disposicións vixentes en materia de facenda municipal. Dixo un comentarista que todos os defectos da Lei Municipal vixente parten de que foi feita nun momento inoportuno, polo estado de inquietude e de perturbación en que se desenrolaba a vida hespañola; verdade, mais somentes en parte, porque por esa razón que fixo imposible discutir e aprobar os puntos referentes á facenda, os lexisladores do segundo bienio, deberon de agardar a outra ocasión millor, deixando namentras sin autorizar ao Goberno para promulgar ese aborto de lei de organización municipal que hoxe rixe. Craro está, que, conseguidos os fins políticos, aos lexisladores de pouco lles valéu reparar en que o problema está hoxe o mesmo que denantes de publicarse a súa obra.

Outro defecto trascendental da nova Lei Municipal, é a redacción das súas «disposicións transitorias», imperfeitas, incompletas e inoperantes. É nelas onde se fixa máis craramente o criterio do lexislador, de buscar somentes o factor psicológico, na satisfacción interior dos funcionarios municipais. Abundosos preceitos encol da confección dos escalafós, consolidación de empregados interinos e temporeiros, etc., a quenes favorece estraordinariamente, e así temos que a disposición coarta, pouco científica, parece feita para favorecer aos nomeados durante o «bienio» i-estabiliza a aqueles cos que se realizóu o que o Estatuto anterior prohibía. De feito o Municipio perde con esta lei a desíñación dos seus funcionarios e ve mermadas as súas facultades disciplinarias con un tribunal intermedio entre o aito administrativo e o contencioso, que só sería esplicábel si a súa xurisdición chegase a todos os asuntos e se fixera de tal tribunal o que representa na facenda o Tribunal Económico.

Tan peleriña doutriña chega a crasificar aos secretarios en tres categorías, complicando a vida dos pequenos municipios, que, naturalmente, teñen pouco presuposto, esquecendo de regular, como compre a unha lei autonómica, aos interventores. Encol dos

interventores é tan absurdo o criterio seguido que se chegou a poñelos baixo a personalidade do secretario. Non reparou o legislador que o senso de autonomía rechaza a idea de dependencia, mais non a de intervención, e a corrente moderna no dereito municipal reconece que o control financeiro practicado pol-o Estado sobre as facendas locais non é abusivo, sinón unha precaución lexítima.

A nova Lei Municipal hespañola, ademais, caracterízase por ser un feito de contradicións, faltas de sintaxis e omisións. Pódese afirmar que a nova lei é un plaxio do Estatuto de Calvo Sotelo, e, cousa curiosa, trátase no articulado de ocultar a fonte utilizada, dándoselle unha redacción peor e máis confusa. Non estaba mal, pol-o que se refire á autonomía, o aproveitar a experiencia legislativa dos Estatutos da Dictadura; pero o que non ten perdón é que os legisladores da lei de 1935, meros copistas do Estatuto de 1924, sentindo un torpe prexuício político, disimulen aqueles alicerces baixo unhas preceitos sin orixinalidade e carentes de toda técnica administrativa e legal.

Innumerábeis defeitos formales presenta a Lei Municipal que comentamos. Sería tarefa longa recoller todos, mais hai algúns que pol-o seu volume e influencia na vida local requiren un breve comentario. Así temos que unha lei que tiña que ser fundamentalmente autónoma, xa que así o exige a Constitución, ofrece mostras de evidente retroceso: proclama a nova lei a autonomía dos municipios no seu artigo 101 e máis adiante admite en formación de Ordenanzas un recurso por «eistralimitación» ante o Ministerio; permite ao Goberno a suspensión de alcaldes en todas as súas funcións cando o término municipal se atope en estado de eisceición, e obriga a someter á aprobación do Ministerio de Facenda as tarifas e a regulamentación dos servizos municipalizados.

Pero xa que falamos de municipalización temos que faguer constar a enorme confusión dos seus preceitos nesta materia. Inclúe o réxime de concesión entre os medios de municipalizar servizos, sendo como é a negación máis rotunda da municipalización; fábase de «Empresa municipal que adoita forma de Sociedade privada», o que significa establecer unha mestura de elementos propios do contrato administrativo con elementos de contrato privado e mercantil, de moi malas consecuencias pra a economía dos Municipios; etc.

En materia de orgaizazón municipal, conserva o Concello aberto para os Auntamentos de 500 habitantes; establece a distinción entre Auntamento e Comisión permanente; suprime os concellales xurados que creou o Estatuto, pero conserva os concellales síndicos, tan inúteis como aquéles. Respeito á comisión permanente, que como órgano administrativo hase fundar na rapidez e na eficacia do servizo, carece de xurisdición propia e concédeselle unha intervención nos acordos do pleo. Desaparecen na nova Lei Municipal os distritos e a xurisdición neles dos Téntes de Alcalde, o que repersenta nas grandes cibdades unha dificultade que é mester soluzonar legalmente.

En competencia municipal, entre outros defeitos, debemos sinalar o retroceso formidábel, volvendo de novo á vixencia da lei e do reglamento de eispropiazón forzosa, con perda de total-as melloras logradas, aparecendo en contradición co-a décima das suas Disposizós transitorias que decrara vixente o Reglamento de Obras e Servizos Municipales.

Unha novidade moi discutíbel é os «alcaldes ultrapopulares», ou desñados pol-o propio corpo eleitoral. A maoría dos comentaristas dñ que esta instituzón na práitica é un entorpecimento da vida municipal, que se somete así á loita política dos partidos. Mais eu estimo que, aparte dalgún incoemente, ten a ventaxa da sua independencia e forza frente ás evoluzós do Concello.

Dende a definizón de Municipio (artigo 2.º) até a determinazón da tutela do Estado, a nova Lei Municipal está chea de incongruencias legislativas e de fondas contradizós doutriñais. Os redatores dela estiveron máis atentos a faguer un corpo legal adecuado as eisixenzas políticas dos partidos gubernamentales, esquecendo a realidade do problema, podéndose afirmar que a Lei Municipal de 1931 non merescer o honor de ser consideirada como reforma da vida local. O caciquismo e a ficción legal do Municipio no século XIX pervive nesta lei circunstancial e valeira.

Noustante a falta de orixinalidade, merescen loubanza os preceitos que se refiren á alterazón de téminos municipales, agrupaciós intermunicipales, entidades locais menores, Carta municipal, etc. Interesante é a parte que regula a intervención veciñal por «referéndum», que o establece con dúas formas, voluntario e

forzoso, determinando craramente os casos en que se dará o «referéndum obrigatorio».

Denantes de finar nista breve eisposición da nova Lei Municipal hespañola, debemos falar do réxime xurídico, materia á que adica o Tído IV. A suspensión de acordos presenta un caso de evidente retroceso, que é o correspondente á facultade que téñ o gobernadore civil da provincia de poder decretar a suspensión de aqueles acordos adoitados pol-os Auntamentos en materia eistrana á sua competencia; craro está que niste caso de inxerenza do poder central na administración municipal, eisixe unha garantía xurídica de respecto á autonomía, dando conta da suspensión en término de coarenta e oito horas ao Tribunal provincial Contencioso administrativo, aparte de que os decretos de suspensión haberán de ser sempre motivados.

A nova lei somete a autoridades, funzonarios e orgaísmos municipais á responsabilidade civil, penal e administrativa no exercicio das suas funcións peculiares. A responsabilidade civil está regulada perfectamente na lei de 5 de abril de 1904, inda que na práctica ofresce serias dificultades. A responsabilidade criminal, por razóns de delito, segue o cauce normal da Lei Penal do Estado, co-a particularidade de que os xueces municipais non poderán intervir na instrución de sumarios contra alcaldes, téntes de alcalde, síndicos e concellales, sinón para practicar as dilixencias preliminares de recoñecida urxencia. O procesamento de alcaldes, téntes de alcalde, síndicos ou concellales, acordarásese pol-a audenza provincial cando se trate de delitos relativos ao exercizo do cargo.

Mais si ben é certo que a nova Lei Municipal é meresciente de loubanza niste particular, temos que pórle un reparo aos preceitos encol da responsabilidade administrativa. Dí o artigo 212: «Os Auntamentos e os seus membrós, como tamén os alcaldes e funzonarios municipais, incurrirán en responsabilidade administrativa por negligencia, desobedenza ou extralimitazón no cumprimento de obrigazós legais». Iste preceito é de unha escuridade chea de perigros para a independencia das corporazós municipais, xa que pón na man dos gobernadores un arma forte para someter ao arbitrio político e caciquil aos órgaos da administración municipal, aparte de que non percisa os modos formaes de eisixir ista responsabilidade administrativa. Debemos chamar a

atenzón sobre o artigo 213 que declara a responsabilidade do secretario e do interventor cando, nas materias da súa competencia, non houberan advertido á Corporazón as infraizóns legais en que poido incurrir cos seus acordos, norma de admirábel precisión xurídica e de perfecta aplicazón na práctica, que se complementa no artigo 214 que da a pauta para que aqueles funcionarios deixen a salvo a súa responsabilidade; no primeiro caso, non terán responsabilidade os concellales que non poseían títido académico ou profesional, medio de conquistar unha pureza absoluta no funcionamento da Corporazón municipal.

En materia de recursos en materia municipal, a nova lei copia ao Estatuto de 1924. Creo que tal criterio merescerá loubanza, por ser o medio máis xurídico de asegurar a autonomía. Así temos que contra as multas impostas pol-os alcaldes caberá recurso ante o xuez de Instrución; mais ademite unha variante, filla dos resabios centralistas, coal é distinguir según as multas sexan impostas pol-os alcaldes no exercizo da súa xurisdición ou como delegados do Goberno.

O recurso contencioso administrativo está desenrolado con técnica insuperábel. Señálo de dúas crasés: A) Recurso de plea xurisdición por lesión do dereito administrativo do recurrente. B) Recurso de anulazón, por violazón material de disposición administrativa, por vicio de forma e por incompetenza por razón da materia.

Ademite o recurso contencioso administrativo dos Auntamentos ante o Tribunal Supremo, contra as disposicións xeneraes do Poder executivo que atenten á súa autonomía. E tamén o recurso de «abuso de poder», de maneira tan xusta que non nos resistimos á tentazón de publicar o preceito (artigo 254): «As Corporazóns e Autoridades municipais, así como tamén os veciños que estimen atentatoria ao réxime de autonomía municipal algunha disposición do Goberno ou de Autoridade subordinada ou delegada, aínda que fora dictada no exercizo de facultades discrezonales e non lesione dereitos concretos da Corporazón nin dos veciños, poderán interpoñer contra dita disposición recurso de abuso de poder en forma legal e ante os Tribunales competentes».

O Tído V encol do «réxime de tutela» é a parte máis disparatada da nova lei municipal. Preceitos contraditorios, incohe-

rentes e, disgraciadamente, de imposible aplicación en moitos casos nos que podería ser o medio eficaz de rehabilitar as facendas locais.

Para remate, dúas verbas sobre a «Escola de funcionarios da Administración local», única novidade da lei de 1935. Esta institución aparece creada no artigo 198 para dar satisfacción ás arelas de melloramento material dos funcionarios municipais, inda que é de presumir que endexamáis chegue a funcionar semellante escola. Non se trata de unha novidade perxudicial, sinón cativa, porque será medio para que os homes políticos premien os servizos de certos funcionarios amigos, convertindo a escola nunha cova de parásitos. Sería máis intelixente crear unha Facultade de Estudos de Dereito municipal, ou unha Cátedra sobre iste interesante ramo do Dereito administrativo nas principais Universidades españolas.

Queda eisposta a grandes liñas a Lei Municipal de 1935, que, produto de unhas Cortes afastadas da realidade política e social de España, e rifadas cos partidos revolucionarios, non deu á Administración local a solución axeitada ao seu problema. Nistes días de propaganda electoral, latexa o anxeio de que as próximas Cortes adiquen o seu esforzo a estudar unha Lei Municipal completa e máis conforme coas necesidades dos Municipios autónomos da República española. O manifesto electoral das esquerdas (15 de xaneiro de 1936), dí a iste respecto: «Procederáse a dictar as lexis orgánicas prometidas pol-a Constitución que son necesarias para o seu normal funcionamento, i-especialmente as lexis Provincial e Municipal, que *deberán inspirarse no respecto máis riguroso* aos principios declarados naquela».

O urxente é a Lei Municipal, xa que a Lei Provincial, publicada aquela, non ofrecerá dificultades de ningunha crás.

AUGUSTO MARÍA CASAS.

1936.

DA NOSA PROPIA CONTEMPRAZÓN

II

É moito conto que se poña a falar de camiños, quen está moi lonxe de andar encamiñado, pro deixei todo tan no ár, naquel artigo do outro día, que é preciso volver sobre dél, inda que novamente seña un pouco á lixeira, como é todo o que se fai nestes tempos, inda que ás veces se teime dar a sensazón de fondura e meditación.

Tres camiños hai que seguir á vez pra acadar a liberdade dun pobo, e a afirmazón da súa persoalidade: o cultural, o económico, e o político. Mais eu coido que han de desenrolarse perfectamente separados, inda que no fondo señan precisos os tres, e aínda que estén de abondo enlazados, e aínda, ademáis, que un home poida á vez, labourar nos tres camiños. Eu estou moi conforme con Risco cando dí: «val máis ser galegos que ceibes», i-esto pra mñ quer decir somentes que a laboura fundamental, aquela *sine qua non*, é a da cultura, no seu senso máis puro e fino, porque non se descoñece que no seu máis amplo senso, a verba abrángueo todo, incluso a política i-a economía. Mais como do que se trata é de ser á vez galegos e ceibes, compre acercarse ás cousas por total-as costas e cos ollos moi abertos, pra que os camiños leven a bon fin.

Tiñamos sentado, por nós e pol-os outros, que a laboura fundamental é a da cultura, e también que non se deben embarullar as labours. Ahí tendes o máis estenso campo de traballo, todos caben nél, todos poden tragar a súa aportazón, o seu descubrimento, o seu hourizonte. Eiquí non fai falla preguntarlle a ninguén a súa filiación nin a súa ideoloxía. Esa cousa noxenta de dreitas e ezquerdas, que non se sabe ben o que é porque todo o mundo utiliza as verbas pra emborcarse e non dal-a cara, non ten eiquí

razón de ser. Niste puro campo do espírito poden darse a man os máis declarados enemigos políticos, e os máis xustificadados antagonismos sociaes. Eiquí non fai falla máis que saber e desexar, non fai falla máis que ter espírito e sensibilidade; non fai falla máis, que ser galegos, sentir fondamente, con total-as consecuencias e responsabilidades, eso que se chaman feitos diferenciaes, únicas razóns en que, a fin de contas, se ha de asentir toda laboura e toda afirmazón, e traballar en cól da sua craridade, da sua realizazón máis fonda, con toda a enerxía e forza de que se dispoña, tendo conta de desligar ben todo o que saia deste campo devandito, pra evitar o aproveitamento solapado deste labourar, por calquera dos bandos en loita.

Esta cousa tan sinxela non se ten comprendido ben, ou si se comprende, tanto peor, porque non se leva â práitica. Hase comprender ben a fondura da laboura que un home se impón ô faguerse paladín dun pobo que quer volver a ser. Ningunha cousa pode quedar fora do campo de estudo, todo â vez ha de estar vivo e actual na sua concencia, porque todo é parte integrante da cultura que se quer salvar, ou faguer revivir. Non se ha de esquencer tampouco que é máis fonda a responsabilidade dos pobos que teiman renacer, que a dos que simplemente nacen, porque éstos traen en sí limpos impulsos que é difícil torcer, i-aquéles, han coidar, non somentes de limpase dos erros do seu vivir antergo, senon, e sobre todo, de que a costume dos anos vividos no sono da escravitude e do non ser, e ainda os espellismos da época, e dos pobos que como él renacen, non lle enturbien a crara visión do seu ser real, da sua fonda e oculta realidade.

Ollando así limpamente o noso panorama, non hai maneira de xustificar certos abandonos que pesan sobre de nós, e son causa e razón de que todo esté tan fondamente atrasado, como realmente está. Si é certo que non se fai grande movemento sin masa, también o é que non se move a masa, sin que denantes os guías lle marquen os camiños. Non se pode culpar a ninguén; os que fan, quizaves fan todo canto poden, pro na verdade a culpa haina, seña de todos ou de ninguén, i-é co esto co que hai que acabar. Ollai arredor: dende logo, hastra fai moi pouco non había manifestacións fondas e definitivas da nosa arte. Pro agora hainas, e non poden vivir, de tal xeito se deixan isoladas, de tal xeito os homes

se atopan sin axudas e sin recoñecimentos, namentras, inda na probeza isolada do noso vivir, conseguen algo outras xentes que nin son nosas, nin son nada. Nestes derradeiros tempos o movemento galeguísta arrastrado polos feitos políticos tivo que aituarse máis aló de si mesmo. Felizmente as cousas pasaron como debían pasar; eu asústome ô pensar a onde iríamos parar si todo houbera ocorrido d' ese outro xeito que por satisfacer os nosos desexos, todos anceiábamos. Realmente pensar en logros políticos, é coma poñer o carro diante dos bois. A ónde iríamos nós, que non podemos soste-lo un xornal na nosa lingua, que nin tan siquera somos capaces de soste-lo viva unha revista nosa, que non esgotamos en dez anos unha edición de 500 exemplares dun libro galego, que non nos ocupamos de que xurda un músico que vivifique este tesouro do noso folklóre, que non somos capaces de soste-lo a un pintor, a un escultor, a un poeta, e que os deixamos morrer de fame, ou os faguemos fuxir cara a outros horizontes; que non nos ocupamos de vivificar a lingua, coas novas creacións, e coa rebusca das creacións antigas, que debían andar xa fai tempo en todas as mans? A ónde iríamos nós que non temos máis que cousas fondas en potencia, e sómente realizado o que unha dúcia de homes mal contada vai sacando de si con esforzo e sacrificio?

É fosco e cuasi negativo o noso panorama, e si non foran tan reais e fondas as nosas esenzas, os feitos diferenciaes nos que se atopan as razóns do noso anxeio, fácilmente se poidera tomar a chacota e brincadeira. I-é inútil que nos votemos as mans á cabeza, non se arranxan as cousas con arrepiós, e moito menos con silenzos, as críticas abertas non son máis que depuracións, i-é enfrontándose cos problemas abertamente como eles se poden resolver. Eu quero decir eiquí tamén, que unha das causas de este isolamento dos nosos auténticos valores, somos nós mesmos. Hai que erguer unha crítica cruel e nidia pra todas as cousas; hai que ter o valor de berrar na cara de todas as xentes a nosa verdade; hai que ser capaces de non respetar o que non val inda que traia como aureola todos os claríns da fama, e ô mesmo tempo rechazar de entre nós todo aquilo que non seña auténtico. Houbo un tempo en que abondaba pra faguerse bó manifestarse en galego, i-eso non pode ser. Poderíase citar casos a feixes en todos os campos, pro eu coído que abonda con este señalamiento lixeiro que estou a

faguer; o que queira entender ben pode, i-o que non, tanto peor pra él. Como veredes pra que todo esto acabe, pra que todo seña como debe ser, como terá que ser si queremos de verdade faguer algo, non é perciso máis que unha unión, auténtica, de todos os que sinten as cousas de Galiza, unha unión, que pode ser tácita ou declarada, pro que ha de xurdir fora de todol-os partidismos políticos e sociaes, que ha ser puramente cultural, galega, i-ha servir pra que as cousas se poidan soster e desenrolar entre nós. Que cómo se fai esto? Eu non sei máis que un xeito: despertando concencias e queimando egoísmos.

Se non compre faguer esto último, embora fose ben doado o faguelo, pra laboura económica. Eiquí chocan xa máis as diferenzas sociaes, pro eu coido que en boa política sería ben pasar por alto, ô menos nos primeiros tempos, toda tendenza, dando así un pouco de cebo ô egoísmo dos cartos e das xentes, pois o que compre é que as cousas se fagan, que logo tempo haberá pra reformalas e pôl-as no seu xusto termo; o que compre é faguer saír os cartos roñosos dos petos escondidos e poñelos a rodar e producir. Craro está que denantes hai que desenrolar unha laboura puramente técnica, e neste senso tamén se pode traballar â vez en todol-os campos inda que non tan conxuntamente como no campo cultural. Folga decir que si nós somos distintos dos máis, temos tamén unhas distintas necesidades, e unhas distintas producións. Isto é o que hai que estudar i-estructurar. E hai que ter en conta que si estamos sufrindo un asoballamento estrano, e tamén un abandono de moitas das nosas cousas, forzosamente, cando nós, cos nosos propios medios, coas nosas propias condicións, e cun craro conocimiento, non soio de nós mesmos, senon das nosas posibilidades e das precisións do tempo en que vivimos, queiramos desenrolar as nosas riquezas dun xeito decidido e conscente, forzosamente temos de faguelo moito mellor que os estranos que utilizan regras xeraes, que non nos acaen. Agora ben; compre que non nos deixemos embaucar por verbas valdeiras; â outura do noso tempo non se fai economía porque adocenen números nun papel, sin senso nin medida. A economía dun pobo, está moi lonxe de ser un simple rexistro fiscal; e nada se dí baraxando eses latiguillos valdeiros pol-os cuaes chegamos a saber si no volume total de pagos e cobros se van dez mi-

llóns máis ou menos. É ben fácil ver que neste tempo a economía é algo máis complicado; non andaría o mundo tan tolo con ela, si estivese ô alcance de calquer segredario de untamento, ou de calquer ama de casa. Compre, pois, no campo da economía estudar fondamente os problemas de produción e consumo, non tan soio mirando pra dentro de nós, sinon tamén pra todo o conxunto do mundo, pois de tal xeito están engadidos os pobos no seu vivir, que non se pode prescindir de ninguén, sobre todo neste terreo. E compre faguer estes estudos, xa que non é posible que arredados do concepto e situazón que cada ún ocupe e teña no mundo, ô menos coa precisa honradez e cada ún dende o seu punto de mira. E compre tamén, a quen poida faguelo, empuxar os capitaes, e ocuparse das nosas industrias latentes; acordar os egoísmos das empresas, cara ôs negocios que poden ser a base da nosa riqueza, pra faguelo dende dentro, cun senso noso, non deixando que as riquezas se perdan, vivindo nós na miseria, e non deixando tampouco, que outros se aproveiten da nosa pasividade.

No campo político o cantar é outro. Eu sigo pensando, que namentras non se consigan faguer moitas cousas das apuntadas neses outros dous campos, é un pouco infantil e cuasi suicida pensar en logros de carácter político, inda que non descoñezo que na súa máxima amplitude, só se poderán lograr estas cousas, cando se teñan na man os órganos do poder e do goberno. Agora ben, perfectamente separadas as labouras que é preciso realizar, eu non creio que baixo ningún concepto se poidan axuntar antagónicas tendencias políticas. Cómo poden ir xuntos un comunista i-un cristián? eu non-o sei, nin-o logro comprender. De ahí que todo ese preito de dereitas i-ezquerdas dentro do galeguismo ademáis de parecerme nefasto, antóxaseme algo así como un suterfuxio pra esconder a carenza de acción real. Eu sei que dada a cativeza numérica do Partido Galeguista, falar de divisións dentro dél, arrepía un pouco. Pro é que hai que insistir na nulidade dun partido con esa mistura tan antagónica. Por qué non ha de haber galeguistas de dereitas e galeguistas de esquerdas, si estas verbas queren decir algo? Un programa político é unha reifa de cousas concretas. Un partido non se pode faguer baixo ese rubro só da autonomía; ésta ha se querer pra algo, e ese algo é a afirmazón

de cada grupo; cómo e pra qué xuntarse, pois, pra ter que arredarse xa no primeiro paso? A bandeira política debe ser un berro definiñdor, cada ún ha levar por diante o seu programa, aberto e craro, non se poden tolerar ambigüedades e moito menos raposadas. Ben cerca de nós está o fracaso dista política torta que se estivo, e se está a faguer. Cada ún turra do seu lado, como é lóxico, cando chega a ocasión, e de certo nas derradeiras eleccións, por si nós íbamos pra eiquí ou pra máis aló, quedámonos coas mans valdeiras, e nin dereitas, nin ezquerdas. É vergoñento que ô pouco daquel valvordo aparentemente tan prometedor da Asambreia de Concellos celebrada en Santiago, que parecía supôr unha concencia galeguista desperta en todo o pobo i-unha franca preparazón pra recibir o goberno de sí mesma, non fósemos capaces de botar pra diante nin un soio diputado, vergoñento inda que non esquezamos a democracia dos puheirazos. Tampouco no campo político se ten feito ren; de feito, hoxe como hay tanto tempo, está a gobernar o país a noxenta e canalla caciquería, e â sua man irá a parar a autonomía, doéranos ou non, si a tivésemos conquerido naquela data pasada. Compre pois tamén neste campo enfiar-a laboura dun xeito máis nidio i-eficaz. Compre reformalo todo, comenzar a faguér, porque o certo é que nada, ou cásique nada se ten feito.

E abondará de parolar, porque ô fin de tantas voltas e paliques, decátome de que non teño dito ren, i-eso que pensaba decir moitas cousas, i-é, sabedes?, que as cousas vense, pro non sabe ún ben cómo as ten que sinalar, pra que non pensen que fala ún de vagar, ou con endiañada intención.

LOIS MANTEIGA.

VOLTÈMOS AOS NOSOS POETAS

Dî Teixeira de Pascoaes no seu libro «Arte de ser portugués», que unha verdade, cando aparece no mundo, é ao poeta ô primeiro que visita.

Isto é moi cèrto baixo moitos puntos de vista.

Shelley decía tamén —e isto confirma o anterior— que os poetas se chamaron nas primeiras épocas do mundo lexisladores e profetas, con un profundo sèns, porque non sô contempran o presente, tal como é, descubrindo aquelas leises de concordancia coas que deben ordearse as cousas presentes, sinon que contempran no presente o futuro, e os seus pensamentos son os xérmens en flor do fruto dos tèmpos derradeiros.

A ninguén que teña concència de algunhas das profundas leises que rixen o espírito colectivo dos pòbos se lle pòde escapar a verdade distas vèrbas de Shelley.

A poesía é sempre un froito profundamente humán e outamènte étnico, por conseguinte. Os pòbos inda non hacharon outro medio mellor para a súa determinación na història que a función lírica dos mèsmos. Todo o cual non tèn outra razón que a seguinte. Todo poeta o é por incorporación, en algún sèns, do espírito étnico vivo da súa Tèrra. No cantar do bardo, e aínda no do aedo ecoa sèmpre un còro de moitedumes, mòrtas e vivas, que non é máis que o arquejar perènne da Raza. Non se concibe a voz senlleira do poeta a xemir a súa dôr, ou a cantar a súa ledicia. Sin darnos conta, eisiximos sentir nas suas báguas e surrisas, as báguas e surrisas do seu pòbo, ao travèso de cuio sentimento as comprendemos sòmènte.

Todo poeta, por conseguinte, tèn de estar no corazón vivo do

seu pòbo, e sentir os presentimèntos de todol-os vieiros da sua Tèrra. Os pòbos, de cara sèmpre a un fito teleolóxico infalíbel, como total-as cousas, teñen un presentimènto instintivo de Beleza, de Verdade e de Bèn. Moralistas, polífticos e literatos vèñen logo a despistal-as moitedumes, por riba das que se salvan sèmpre afortunadamènto os destinos dos pòbos. E son os poetas os únicos que na cerrazón coleitiva que envòlve â moitedume, pòden descubrir o ronsel profundo da súa vida.

Por iso nista data de alboradas revòltas, de despistamèntos de moitedumes, temos que voltar o nòso espírito para os nòsos poetas, que é voltal-o para a tèrra, para a Raza, para un mèsmo.

E pôr a fè en algo que non poderá nunca fallarnos, porque tèn as súas raíces nas somas profundas de onde provén o vivir e o soñar da Humanidade.

Misión das mocedades

Nistas coartelas adicadas âs mocedades galeguistas, o anxeio de buscar unha base pra o desenrolo da sua aición, levóu-me a percorrer os vieiros emòtivos dun dos poetas máis profundamènto galegos, seguro de achar neles os fitos máis claros e máis outos de todol-os movimèntos que pòidan tender ao rexurdir da nòsa Patria.

Âs mocedades vèn-se-lles botando â cara o tèt un concèpto poético da vida, que, según as correntes de opinión está desbotado da realidade.

En conformidade con iste preconçèpto, fixo-se-lles crèt que a súa misión era aítuar combativamènto en nòme de calquèt postulado máis ou menos revolucionario, apoiadas nunha anécdota eventual e descravadas de toda raigaña vidal na que íntimamente se señtisen, e na que puideran encamiñarse de cara a un futuro orgánico.

Dista maneira, as mocedades, que deben ser sèmpre o principio creador, viñan sinificando sò un elemento negativo de derrocación de valores, nun mal entendido sènso nietzchiano, no que se esteriliza toda a sua reserva de xenerosidade e de futuro.

Pouca xènte se ten dado conta da causa diste fenómeno, inda

que todos recoñezan a esterilidade da maior parte das situacións mozas hasta a data. Para min a causa está xa na base da súa organización. En organizarse con un fin externo e non de autoeducación dentro dunha propia disciplina.

A base dunha organización moza non pode caer fora dela mesma. É dicir: que toda mocidade ten un fin en sí, que é sentirse a sí mesma. Toda situación moza ten que ter isto por presuposto. Do contrario, será sempre funesta: funesta para as mesmas mocidades e funesta para os medios onde actúen.

Despóis disto, é clara a situación dunha mocidade, dentro do demarcamento dun pobo.

A súa primeira obriga é sentirse moza. E como a mocidade é algo que florece no espírito, ligado de por vida a unha castinmonia determinada, a un pobo determinado, isa obrigar leva consigo sentirse mozo dun pobo: mozo castelán, basco ou galego; sentir florecer en ún a tradición toda do espírito dunha terra carregada de días de futuro i-enraizada nas somas máis profundas dos nosos orixes.

Isto non o poden facer unhas mocidades que teñan un senso combativo destructor na súa situación: precísase para elo un senso creador e recreador da vida.

Os poetas, guías das mocidades

Puidèra curvar a traieutoria deste estudo ao travèso de múltiples razoamentos pol-o estilo dos que acabo de expôr. Prefiro facelo interpretando a obra dun poeta da nosa Terra. En primeiro lugar, porque eisí escudo a insinificancia das miñas vèrbas. I-en segundo lugar porque quixèra deixar sentado que, contra ise senso combativo destructor que se viñeron apropiando as mocidades, deben istas ter un senso bárdico da vida na súa situación. E isto pol-o que deixamos dito ao comenzo. Todo poeta o é por incorporación conscènte ou incoscènte do espírito étnico do seu pobo, que se fai río, estrela, monte e i-alma no seu cantar. Lògo as Mocidades —que deben aitar sempre nun senso de autoeducación, tendendo a sentirse a sí mesmas, florecendo na soma nutricia dos seus antèrgos— tènèn por forza de pillar o camiño dos poetas, que, contra

o que se pensa, non é o camiño do ár, senon o camiño da máis outa e viva realidade, disa realidade que é sono de pòbos, sono tan fecundo que enxendra a vida, que non é máis que soñar de almas e non balbordo de moitedumes que pasan.

Para nos ensinar iste camiño, era natural que leváramos de gufa a Pondal, inda que en calquèra dos nòsos poetas poderíamos ver o espírito da nòsa Tèrra que se revèla sempre, máis ou menos conscentemènte. En ninguén, con todo, dunha maneira tan profundamente vidal como no bardo de Ponteceso. Nos seus versos atopamos todos nós o vieiro do nòso reencontro. Cada poema pondaliano é un mandamènto do gran decálogo da Patria, da patria que il buscóu en sí mèsmo e buscándose a sí mèsmo.

Como iste é, nin máis nin menos, o camiño a seguir pol-as Mocidades Galeguistas, vel-ahí por qué preferimos a Pondal para irnos marxinando ao rente dos seus poemas o vieiro patriótico a seguir pol-as mesmas. Inda que pareza un pouco ousado pòrse a sopesar â lixeira, n-unha humilde lèria, os vèrsos en roca limpa, batida por total-as ondas dos poemas pondalianos, non hai máis remedio que arriscarse.

Pondal non é un poeta nazzista

Xeneralmente, cando se fala de Pondal, e cando se lê a Pondal sin moita calma, fórmanse algunhas ideas trabucadas encol do glorioso bardo. A cada momènto ouvimos nos seus poemas falar de *combate*, de *loita* nun sènsu que puidera crèrse aquil combativo-destructor a que nos referimos ao primeiro. O mozo de Ponteceso que lèva pol-as fondas corredoiras de Bergantiños, deporondadas de silvas, o seu carro de táboas, coida que os piñeiros da encosta, axuntados en falanxes, murmuran o sinal do combate. Ista vèrba de Pondal, que fan dil un poeta nazzista, son a miúdo mal interpretadas, xuzgándose o patriotismo de Pondal por elas.

Os patriotismos nazzistas son por ise estilo. Máis que a afirmación da pròpia patria, pol-a pura necesidade de vivir e sobrevivir, van a afirmarse para pòrse en frènte dos outros pobos imperialmente.

Iste conceito de patriotismo xenófobo non cabe duda que tivo

resoancias na antigüidade en que cada pòbo, isòlado, se situaba no cèntro da terra, cos seus deuses, rodeado de pòbos con deuses inimigos, perdidos en somas e mares igñotos. Entón puido têr razón de ser ise patriotismo. Hoxe, avencelládol-os pòbos por leises xenerosas de solidaridade humán-cristián, non eisiste isa razón psicolóxica; e outras razóns que pòidan eisistir, son crimináes.

O concepto patriótico de Pondal non podía ser ise. Temos datos abondo nos seus poemas para crêl-o eisí. Ises eistremos combativos tēnen a sua eispricación máis comprida nas circunstancias de escribir Pondal afundido en resoancias crásicas, i-escribir, por outra banda, nun pòbo que, sometido i-escravizado na vida do seu espírito, él se compracía en comparar —nun anceo xeneroso— aos pòbos trabados â forza bruta na ruda Esparta de fèrro. O isolado de Ponteceso compraciase no esvencellar valénte duns corpos oprimidos, però que tiñan ceibal-as i-almas. De ahí que, de vez en cando, trasladase a loita titánica dos tēmpos heròicos â sua época. Tirteo ecoaba dunha maneira obsesionante sobre o espírito alleado do poeta. Pero isto mèsimo nos revèla o seu anceo íntimo, soñando, e ao soñar, sentindo, e ao sentir, creando unha patria ceiba íntimamente nas profundas raíces do seu ser, capaz de liberarse das ligaduras que lle ataban as mans.

Il levaba na sua i-alma ista Patria, il èra ista patria que lle doía enriba do corazón, e cramaba pol-a liberdade.

Cómo sentía Pondal a patria

Para millor darse conta do verdadeiro sentir pondaliano, serfa comenente ir glosando, vèrso a vèrso, algúns dos poemas de «Queixumes dos pinos», os únicos que me foi dado follear.

Están todos tan ateigados de suxerencias, que nos levarían moi lonxe. Preferimos ir arquitecturando dunha maneira esquemática o concepto da Patria que nós sentimos nos poemas do bardo. É isto menos fidèl e máis eispostò a èrro. Però resultará moito más claro e sinxèlo.

Cal é, pois, o concepto de Patria que descubrimos en Pondal? Creio que para abranguel-o en toda a sua outura e profundida-

de, debemos buscar nil un duple factor, que podemos chamar conscènte e inconscènte.

Pol-o inconscènte —*in initio*, ao menos— o poeta háchase mergullado na sua Tèrra e na sua Raza. Non hai nél unha sô vibración que non seña debida â gran herència patrucial e secular. Toda a súa vida, a vida do seu esprito, se èrgue afincada no arbre nutricio dos nòsos antèrgos. As suas vèrbas gardan o sono das somas da lènda mariña i-estelar de onde nós vimos. Os seus acèntos tèñen a resoancia limpa da pèdra primixènia que na nòsa tèrra cantóu coa mèsma vòz dos canteiros que lle dèron alma da sua pròpia alma.

Pondal, como todol-os poetas e artistas da nòsa Tèrra, danos testimòño da súa patria, recreando no seu esprito e trasmitíndonos nas formas do seu sentimento, as cualidades dunha Raza e dunha Tèrra, resultantes dunha herència étnica, histórica, relixiosa e poética.

Hasta iste punto non eisiste en Pondal un conceito racional da Patria, porque non eisiste siquera unha concència clara. Aparece sòmènte unha determinación instintivo-sentimental que obedece a

*cousas que n' exprica
un suído afán.*

Istas cousas son *mil punxèntes recordos, mil vagas suidades ceibadas aos ècos*. Mais todo isto, tan vago, tan aéreo, representa para Pondal a chamada de

*«recios acentos»
de escura sibila,*

que, nos pasados destinos, adiviña os futuros, porque representa o balbordo de unha raza a berrar na soma do poeta.

O seu mérito, por conseguinte, baixo iste aspècto, é o da fontèla que refrex a sebe florida; e dèntro diste, o de conservar a pureza do seu ser íntimo, que é o ser da sua Raza, sin mistificacións esterilizadoras, posibilitando eisí o espírito de iniciativa creadora.

Ista intuición racial, que os pòbos manifestan na sua función lírica, na creación da sua lingoa e do seu arte e os poetas re-

crean, é tan natural e tan simple como o pròpio feito de eisistir. Non se crea, por iso, que seña unha inspiración innata. Eu quixera levar á convicción de total-as mocedades galeguistas precisamente o contrario: que é algo que se pode adquerir perfectamente, mediante un esforzo de comprensión reflexa do propio ser. Ista refresión autodidáctica —pol-a intimidade coa nòsa xènte, coa nòsa tèrra, coa nòsa història, coa nòsa lènda, con total-as manifestacións do nòso espírito— é a primeira misión dos mozos galegos. Laboura de autoeducación de recreación patria no propio espírito.

Mais Pondal, como deixamos dito, non sò ten ista intuición subconscènte —perdóese a paradoxa— da nòsa Patria, senon que a súa obra é tamén un esforzo de reencontro. Ise esforzo preciso que nós acabamos de eisixir como punto inicial da aituación das mocedades galeguistas.

Enfrentado coa súa tèrra, sentíndoa profundamente, sinte, nun procèso vidal, todo o seu decorrer pleno. Olla nos pasados os seus futuros destinos. Sinte a dôr firènte do agonizar perènne da Raza nas súas entranas, agonizando il mèsmo, dando bèrros de anguria, cheios de dôr, però floridos de fè e de esperanza. Esperanza e fè no rexurdir total e pleno da súa patria tal como il a sentía, en total-as súas complexidades, que é a forma máis sinxèla de sentil-a.

Os pòbos hebreos non podían ollar a cara de Javeh. Se a vían, morrían. Un pòbo que ve a súa cara, n-unha forma determinada e concrèta, para máis maquillada por xèntes eistranas, tèn que morrer tamén. Porque a cara é o transitòrio, no que non se pòde ter fè nin espranza. Os pòbos para vivir tèñen que saír ao propio reencontro, sin mirarse nunca a cara en espellos, sinon sentindo a dôr da propia agonía, que é vida etèrna, da que sèmpre surte florida a espranza dos futuros destinos.

Todo isto o sabe Pondal perfectamente n-unha revelación plena. De ahí que os seus vèrsos, nacidos da dôr dunha tèrra asoballada, baixo un réxime opresor, esteñan con todo lonxe de toda anécdota politiqueira ao uso, pol-a que sinte profunda repunancia que espresa con olímpico desprecio n-aqueles versos:

*Non sigas ós hispánicos
políticos pigmeos.*

Para qué os había de seguir? Intresábanlle ben pouco os seus manexos. A il sô lle intresaba a modelación viva —non a modelación en formas ríxidas de barro— da sua Raza, que il ve deformada e farrapenta na i-alma dos seus fillos.

Dista vivència plena da patria galega, afloran na obra de Pondal múltiples sentimentos do máis puro patriotismo, que son muy de notar.

A patria, integración vidual

Dista conceición vidual da patria, como algo que alènta e sòfre en nós e alén de nós, chegóu â espiritualización da mèsma, constituíndoa nun ser espiritual superior que se prolonga máis aló da paisaxe material e humana, vivindo delas, nutríndose delas en íntima e mútua dependencia.

Por un lado Galicia, a patria galega, está constituída pol-a vida de todol-os galegos, sobrevivíndose en xeneracións encadeadas, en sonos, en lèdicias i-en dôres. Por outra banda, cada un de nós estamos dependendo no nõso vivir cotián da patria galega, que xeneróu en nós as formas do nõso espírito creador.

Por ambas razóns, nõs estamos sometidos â nõsa Tèrra, debéndolle o sacrificio da nõsa vida temporal no altar da sua vida de eternidade.

Isto comprendéu-no ben o bardo das gandras esquivas. E diste convencemènto arranca ise perènne aneio que aflora nos seus poemas, de ofrecerse en holocausto pol-a súa Patria.

*Oh quén morrer puidèra
como o forte Leónidas,
por unha patria oscura
de escravos e de ilotas,
ainda aprei.xando o rutilante ferro
que verte gota a gota!*

A saudade, dôr de desintegración

Outro dos sentimentos patrióticos de Pondal é o sentimento da lembranza saudosa da nôsa Terra. A Patria, concebida diste xeito pondaliano, que é a única maneira de concebila —descartada a formula noxente de «ubi bene, ibi patria»— é unha forma integrante, ou mellor, esencial do nôso ser. Eisixe, por conseguinte unha plena intimidade de presència, inda nos seus aspectos físicos. Rota ista intimidade, tèn por forza de aflorar no nôso espírito a súa saudosa lembranza. É iste un fenómeno tan rexistrado na lírica de Pondal e na lírica galega en xeneral, que nos eiscusa de traer exemplos. Tèn en Pondal, con todo, unha transcendència maior que en ningún ista *sudade*, cuia presència se anuncia na propia Tèrra. En Pondal non sô sinten suidades o encarcerado de Orán e a meniña que casóu en tèrra eistrana,

*«Cando seu pai no-acabara
ben catorce sementeiras».*

Sínteas tamén ise bô bergantiñán que lèva o seu carro anteposto. Son suidades escuras, però, suidades. Suidades do pasado e do porvîr, dos que se sente doorosamente separado, desintegrado, xa que ambos lle pertencen como partes da súa vida.

Ista doorosa saudade, chaga de desintegración espiritual, crea nil unha profunda fè, e inquebrantábel esperanza na restitución vital da integridade do seu ser, que consistirá na realización dos destinos naturais do nôso pòbo.

Para decatarse dista fè i-esperanza de Pondal, basta escuitar as estrofas do himno galego, e aquíl

*Boandanza, saúde
Terra de Breogán!
Teus groriosos destinos
cérto e doce agoirar,*

cheios de unha forza visionaria de resurreición.

O Bardo tèn nos seus anuncios a seguridade dun profeta. E as

súas vèrbas inspiran a cantos as escuítan a mèsma fè dunda revelación siñada.

Consecuèncía disto, é o seu sentimento agónico de loita pol-a liberdade. Mais —como dixemos ao principio— debe entenderse ista bèn. A liberdade que Pondal procura para a nòsa Tèrra, é a liberdade nacional, viva, que tèn de verificarse, antes que en nada, na concèncía dos fillos dos cèltas, que cumpren sèrva e innobre vida.

*«Almas escravas
de ideas non grandes
arrastrando infamantes cadeas».*

A cruzada, pois, tèn que empezar por ahí. Conquerida ista liberación inicial, é o intre da loita baruda. Entón chegóu o momènto do dilema pondaliano:

*Ser forte ou escravo
morrer ou vivir.
Esnaca na frente de quen cho lanzara
o estigma servil.*

Creio que isto puidera ser o esbozo dunha arquitecturación do sentimento patriótico en Pondal.

Resumindo todo o que levamos dito, remataréi formulando unhas cantas conclusións que presento a cantos sintan na sua vida un idearium vidual, e moi especialmènte às mocedades, con respecto à sua aituación.

Todo mozo galeguista se debe constituir en patria galega, ceibe e independènte, incorporando conscentemènte a total-as formas do seu vivir as herèncias da tradición da súa Raza e da súa Tèrra.

A Patria galega depènde da vida de todol-os galegos; e a vida de cada galego, ten a súa valorización humán na Patria galega. As nòsas vidas, pois, deben ser sacrificadas à vida superior da Patria, non morrendo estérilmènte, senon vivindo nela, por ela e para ela, que é a única maneira de vivirmos nós.

Ligados espíritoalmènte a todol-os elementos constitutivos da nòsa Patria, ao seu Pasado* e ao seu Porvír, temos de manter acesa

ÍNDICE DE AUTORES

	<u>Páxinas</u>
BRAÑAS (XOAN).—Apuntes en col do Tribunal de Garantías	41
Crisis da Democracia?.....	90
CASAS (ALVARO DAS).—Diario dunha viaxe de nazionalistas: Galeuzca.....	17, 49 e 97
Valorización políteca da língoa.....	87
Conceito e sentimento da Patria nos Evanxeus	114
O sentimento nazonal nos escritores galegos do século XIX....	149
CASAS (AUGUSTO M. ^o).—Os dereitos individuais nos Estados cesaristas	183
En col da nova Lei Municipal hespañola.....	193
EDITORIÁIS. — Primeiras verbas.....	1
Galiza nun libro catalán.....	2
Cataluña e a lei de cultivos	13
Os concellos en crisis	33
ALENTO a Euzkadí.....	34
Craudicazón de Compostela	34
Necroloxía	35
Ollada pra os nosos mozos (educazón; os universitarios; o senso apostóleco)	81
Ezquerdas e dereitas	113
O Seminario de Estudos Galegos	145
FERNÁNDEZ DEL RIEGO (FRANCISCO).—Poliorama da Triple Alianza ..	9
Dintel xurídico-político da nación galega	65
Artigoación nacionalista de Europa	164
IGLESIAS ALVARIÑO (AQUILINO).—Os camiños dos homes e os camiños de Deus	127
Voltemos aos nosos poetas	213
INFORMAZÓNS.—O plebiscito do Saar	171
A eispansión italián	172
A pancada alemán	190
Outras.....	172, 173, 174, 175, 176, 191 e 192
<i>Máis.</i> —Consiñas aos bons galegos	188
MANTEIGA (LOIS).—Da nosa propia contemprazón.....	93 e 207
MORODER (ROBERT).—A semán valenzanista	46
Cróneca de Valenza	143
PEDRET CASADO (PAULINO).—O meu galeguismo	72
Ensaio pra unha teoría do galeguismo.....	177
RISCO (VICENTE).—Nacionalismo galego.....	4, 36, 84, 123 e 157
SEOANE (LOIS).—Un arte da Terra.....	43
SIQUIER (PEDRO).—A políteca nas illas Baleares	47
ULLOA.—Consiñas do bon galegô	141
VILLAR PONTE (RAMÓN).—Cousas do centralismo.....	78

CAFÉ DERBY

HUÉRFANAS, 29

SANTIAGO



PROPIETARIO:

SANTIAGO SUÁREZ ORTOÑO



ONDE SE GOSTA

O MILLOR CAFÉ

:: DA CIDADE ::

.....: Os cafés

Astoria

impóñense pol-a

sua calidade e a

sua aroma :::::

INSUSTITUIBRES NOS BONS CAFÉS

¡Atención...!

COMERCIANTES E INDUSTRIALES:

Encargade vosos impresos e material de propaganda na

Imprenta do Seminario Conciliar

Praza da Inmaculada, número 5 :-: Teléfono 1045

Esta Imprenta encárgase de toda crás de publicacións, como reglamentos, programas, obras de texto, etc. Hai tamén un extenso surtido en recordatorios fúnebres e de Primeira Comunión i-en tarxetas de visita, etc.

Santiago



Coñac Antiquary